

•97

Agosto, Festival, Patrona...

No mes de Agosto terán lugar os xa tradicionais concertos nocturnos dos Xoves na Praza de Abaixo, o concerto do dia 16 na rua San Roque e o III Festival de Bandas (sábado dia 23), coa participación de agrupacións foráneas ainda por determinar. Como sempre, a Banda concluirá a sua campaña estival cos concertos de mediodía e de tarde o 8 de Setembro, Dia da Patrona.

Tamén en repertorio, durante 1997...

Choral and Rock-Out e
O ciclista feliz, de Ted Huggens
Sete rosas, Alejandro del Río
Memórias de África, de John Barry
e...
A PANTASMA DA ÓPERA, de Lloyd Weber

22 de Novembro, Dia de Sta. Cecilia

Concerto de Música de cámara

Nadal

AQUI COMO EN VIENA

Obras dos Strauss, como a Polkà de Ana e a Marcha Radetzky, e estrea da

CUADRILLA SUIZA E POLONESA,
de M. A. Gilby,
con António Martínez Amor ao violin.

**ASOCIACIÓN
AMADORES DA
MÚSICA**

•97



A Banda Municipal de Ribadeo ven de celebrar o V aniversario da sua presentación ao público. Fíxoo do mesmo xeito que debutou: en concerto. E con precisión na data comemorativa: 25 de xaneiro, sábado. 1992-1997. Dos cuarenta músicos iniciais aos más de setenta do plantel actual. No camiño, concertos en Madrid, en Barcelona, en Múrcia, en Lisboa, en Loures e en dúcias de vilas e cidades de Galiza. E o artellamento pasenxo e laborioso dun repertorio versátil, instrutivo e divertido, culto e popular: música sinfónica, as mellores versións da mellor música lixeira, bandas sonoras, nova música para Banda... O programa do concerto de aniversario e os programas dos concertos de 1997 que se avanzan neste folleto, dán boa conta do que dicimos.

A Banda Municipal de Ribadeo, xa Banda Sinfónica, conta grabar este verán o seu primeiro CD. Para a Banda, un novo reto; para o seu público en xeral, e para os sócios de «Amadores da Música» en particular, un novo servizo.

**BANDA
MUNICIPAL
DE RIBADEO**

HERNÁN NAVAL
DIRECTOR

No concerto comemorativo do V aniversário da sua apresentación, a Banda Municipal de Ribadeo deu este programa: Polka de Ana / Johann Strauss, Tannhäuser / Wagner, Finlândia / Sibelius, I do it for you / Bryan Adams, Piensa en mi / Agustín Lara, La pasarella di addio / Nino Rota, Agüero / José Franco.

Domingo 23 de Marzo

CONCERTO COA CORAL POLIFÓNICA DE RIBADEO

- Finlândia J. Sibelius
Panis angelicus C. Franck
Stabat Mater J. B. Pergolesi
Ave Verum Corpus W. A. Mozart
Jesus bleibt meine freude J. S. Bach
Nabucco («Va, pensiero...») G. Verdi

Sábado 17 de Maio, Dia das Letras Galegas

CADROS DUNHA EXPOSICIÓN M. Moussorgsky

BAILANDO CON LOBOS John Barry

•97

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO
Tfno. (982) 130 856

PROGRAMA DE FORMACIÓN BANDÍSTICA

Durante aproximadamente vinte días do mes de Xullo levarase a cabo un programa de formación de futuros membros da Banda. Está especialmente dirixido a alumnos de vento e percusión da Escola Municipal de Música. Os más xóvenes compoñentes da Banda actual participarán como solistas e xefes de corda ou de sección; músicos más veteranos que están a realizar estudos de grao profisional colaborarán como docentes, mais non tocarán no conxunto infantil duns trinta membros que, en data posterior á realización deste programa formativo, ofrecerán un pequeno concerto con pezas como Lili Marléen, de Schultze, o Hino á ledicia, de Beethoven, e composicións especiais para banda infantil de M. Carros e de H. van Lijnschooten.

25 de Xullo, Dia da Pátria Galega

Concerto na Praza de Abaixo

MARCHA e VALS LÍRICO da JAZZ SUITE nº 2 D. Shostakovitch

Venres 1 de Agosto

Concerto de clausura das Xornadas «Mar por medio»

ANDANTE SPIANATO E GRANDE POLONESA EN MI BEMOL MAIOR F. Chopin

Antonio Queija Uz, Piano
(Transcripción para Banda, Hernán Naval)

CD

Durante o verán, a Banda realizará as sesións de grabación do seu primeiro Compact Disc, cuxa saída á venda prevese para finais de ano.